

Con letras de cristal

«PARA QUE me escoites// e non esquezas, // escribín o teu nome nas nubes// con letras de cristal...// Non importa o tempo, nin a distancia, // nin os recordos, nin as palabras, // palabras de cristal escritas coa alma...»

Con letras de cristal. Así, deste xeito poético, con sentido (léase con tacto e sensibilidade), achegámonos a través da ollada clara, sempre tenra e solidaria, de Rosalía Morlán, a un tema moi duro á vez que moi delicado.

Cando o avó esqueceu o meu nome (Galaxia, 2023), galardoado cun accésit do premio «Simbad para o recuerdo e o alzhéimer», convocado por Agadea, lévanos pasenijo da man da poeta de Trazo por un camiño verde esperanza.

Trátase dun poemario cristalino que irradia emoción a raudais. Unha magna obra que respira vida, ilustrada maxistralmente co universo creativo de María Belén Rodríguez Pazo. Un libro que persegue dende o primeiro ao último verso, borrar o esquecemento. Que amosa momentos realmente inesquecibles. Que busca formar

XOSÉ LUNA



e sensibilizar aos pereiriños no respecto a esta doenza. Que procura, en definitiva, empatizar, crear pontes emotivas entre a nenez e a vellez.

Non é tarefa doada, a escritora sábeo ben. Velaí o seu brado mainiño. «Xuntos percorremos o camiño, // subiremos ao tren en marcha, // aínda que esqueceses quen son // e sexa longa a distancia. // Non te rendas! Non estás só // neste tren que xa non para. // Fagamos xuntos a viaxe // sen importar a distancia. //

E verdade que «o monstro que come o tempo» borra os recordos e tamén a identidade do avó, mais tamén é verdade que non borra os sentimientos, nin os afectos, nin o amor. Por iso Rosalía non o dubida nin un intre, molla a pluma na tinta vermella do seu infindo corazón e escribe con letras de cristal: «Cando o avó esqueceu o meu nome // collo das mans e biqueino moi forte».

